

CONTRASTES


# Acordo sen cartos contra a desertización

Axencias - Santiago

Os delegados dos case 200 países na oitava Conferencia das Partes (COP8) da Convención da ONU de Loita contra a Desertificación aprobaron o seu plan estratéxico para os próximos 10 anos, álxas que non lograron un acordo orzamentario. Por este motivo, os ecoloxistas opinaron que as negociacións foron un "fracaso".

A COP, que se inaugurou o pasado 3 de setembro e que se prolongou durante toda a madrugada de onte, concluiu sobre as 7:30 horas, sen poder acordar o incremento do seu orzamento inicial nun 5%, debido á postura de Xapón. Os nípons, que inicialmente ava aran o aumento, botáronse atrás porque a dimisión do seu primeiro ministro deixounos sen autoridade para elevar a súa participación económica. Por iso, a Conferencia decidiu a celebración en Nova York dun pleno extraordinario -cuestión que ocorre por vez primeira - nas próximas semanas, no que únicamente se tratará este asunto.

O director xeral para a Biodiversidade, José Luís Herranz, destacou a aprobación do plan estratexic o que definiu como "o plan que lle faltaba a esta Convención" e no que se definen estratexias e obxectivos a conseguir a dez anos vista para combatir a desertificación e a seca. José Luís Herranz destacou que, ademais de establecer obxectivos concretos, o plan contempla actuacións que a ministra de Medio Ambiente, Cristi-



Un campesiño chinés pon a proba cultivos experimentais contra a desertización

Foto: CERNA

## A sociedade non participa

Adena pediu mellores mecanismos de participación da sociedade civil nas negociacións para garantir que se toman decisións efectivas e non só ce acordo a intereses políticos e económicos.

na Narbona, pormenorizou na chamada *Declaración de Madrid*, tales como o reforzo das relacións científicas e tecnolóxicas e o fortalecemento das relacións institucionais.

Tamén contempla a consideración dos custos sociais e económicos da desertificación e dos custos da inacción fronte á degradación do chan, coa finalidade de aumentar a sensibilización e incrementar eficientemente o apoio ás áreas

afectadas.

A responsable do programa de Bosques de Adena, Lourdes Hernández, confirmou que o plan quedaría como un simple marco teórico se non se lle asignan fondos. Na mesma liña manifestáronse o coordinador de Ecoloxistas en Acción, Theo Oberhuber, e director executivo de Greenpeace, Juan López de Uralde, quen lamentou que se perdeu unha grande oportunidade. •

## A sonda Dawn é o soño dos ecoloxistas

A sonda Dawn da NASA, que o 26 de setembro iniciará unha viaxe cara ao cinto de asteroides do sistema solar, é o soño dos amantes da velocidade, dos conservacionistas e dos detractores dos combustibles fósiles. O seu motor non contamina cos gases pero, lamentablemente, todo iso é posible só no baleiro do espazo, onde non existen as barreiras da gravidade terrestre ou a resistencia do aire.



Ritmos para todos en Allariz

## O Repercusión espera reunir cinco mil persoas

Mais de 200 artistas e un total de vinte grupos musicais danse cita a longo desta fin de semana na V edición de *Repercusión* de Allariz con 72 horas de festa ininterrompidas. Nesta edición, os talleres serán, por vez primeira en cinco anos, gratuitos. Os organizadores esperan que máis de 5.000 persoas se achen proximamente á vila alaricana, que disporá dunha zona para que os visitantes poídan tamén acampar durante estes días sen custo ningún.